PROXECTO

LINGÜÍSTICO

DO CENTRO

CEIP Plurilingüe da Rabadeira

2023-2027

ÍNDICE:

1- INTRODUCIÓN 3

2- MARCO LEGAL 4

3- O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO 5

3.1- Localización do centro 5

3.2- A situación sociolingüística 5

4- DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO 8

4.1- Obxectivos xerais para o fomento da Lingua galega 8

4.2 - Obxectivos para o fomento da lingua galega no contorno 8

4.3- Obxectivos encamiñados a potenciar no profesorado unha actitude dinamizadora da lingua galega na súa actividade docente 9

4.4 - Obxectivos encamiñados a mellorar as condicións lingüísticas do centro 9

4.5- Exención en Lingua galega.

5- ACTIVIDADES 12

6- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS 13

7- LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS: 14

7.1- Educación infantil 15

7.2- Educación primaria 16

8- LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS: 17

9- MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARAO ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS: 17

9.1- Medidas de acción educativa 18

9.1.2- Outras medidas 18

10- AVALIACIÓN 20

1- INTRODUCIÓN:

Seguindo o que aparece reflictido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

O Proxecto lingüístico do centro (PLC) inclúese dentro da normativa que está orientada á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, co fin de propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de todos os escolares e garantir a mesma competencia entre o galego e o castelán.

O marco normativo deste PLC baséase no marco lngüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Tamén desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, e a Lei 3/2020, de 29 de decembro, de educación.

O EDLG deste centro continuará a labor emprendida nos cursos anteriores coa finalidade de potenciar a nosa lingua nun contexto sociolingüístico castelánfalante, partindo dunha situación de inferioridades do galego en relación co castelán. Precisamos potenciar o uso do galego a nivel oral dende a infancia para mellorar a competencia lingüística dos nenos e nenas na nosa lingua, exercendo como ensinantes unha labor normalizadora e á vez potenciando o coñecemento da cultura galega de xeito transversal e en todas as súas manifestacións.

No CEIP Plurilingüe da Rabadeira no curso 2023/2024 revisamos o Proxecto Lingüístico, en base ao Decreto 79/2010, do 20 de maio . Este traballo foi realizado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

2- MARCO LEGAL:

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- **Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística.
- **Decreto 150/2022, do 8 de setembro,** polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **ORDE do 30 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- **Decreto 155/2022, do 15 de setembro,** polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **ORDE de 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio,** para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- **Instrución** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia tras os

pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

3- O CONTEXTO SOCIOLINGÜISTICO:

3.1- Localización do centro.

O CEIP Plurilingüe da Rabadeira está situado no cuadrante noroeste de Galicia, no espazo xeográfico do Golfo Ártabro. Pertence á bisbarra natural Das Mariñas. É un concello pequeno en canto a súa extensión, a súa superficie é de 43,8 km2 pero cunha poboación en constante crecemento polo que aumenta continuamente o número de familias ás que nos achegamos. O seu ámbito configúrao como un dos espazos turístico-residenciais de maior calidade en Galicia. O centro está situado nun contorno semiurbano e a 1km do centro do Concello. Nos arredores encóntrase o IES Miraflores, a piscina municipal, o centro de saúde, casas unifamiliares e algunha urbanización.

A área de influencia do centro esténdese polas parroquias de Oleiros, San Pedro de Nós, Iñás, Dorneda e Liáns.

Na actualidade o centro conta cun claustro formado por 34 mestras e mestres aínda que unha especialista de Pedagoxía Terapéutica está compartida con outro centro e unha mestra a tempo parcial de PROA+. O centro conta neste curso con 399 alumnos/as de Educación Infantil e Primaria.

3.2- A situación sociolingüística.

Para determinar a situación lingüistica do centro, o Equipo que elaborou o Proxecto Lingüístico de Centro, considerou pertinente recoller información de toda a comunidade educativa a través dunhas enquisas que foron tomadas con algunhas modificacións das Guías Prácticas para a Planificación Lingüística nos Centros

Educativos que enviou aos centros a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Como resultado destas enquisas e da propia observación directa, podemos concluír que unha gran minoría do noso alumnado é galego falante. A maioría dos nenos comprende sen ningunha dificultade a lingua galega. Ademáis contamos con alumnado doutros países e comunidades autónomas polo que hai que ter en conta esta peculiaridade á hora de facer unha inmersión efectiva na lingua galega. A realidade lingüistica do noso centro é a dunha comunidade Educativa castelá-falante na súa maioría.

O uso do galego é parcial. Aínda que parte do profesorado emprega o galego como lingua habitual, a maioría dos mestres e do alumnado utilizan indistintamente o castelán nas súas conversa. O persoal non docente utilizan indistintamente galego e castelán. Malia todo, cando alguén fala galego non supón ningún atranco e todo o mundo respecta a opción lingüística de cadaquén.

Neste centro hai unha boa aceptación da lingua galega. Tendo en conta estes estudos sociolingüísticos realizados e a lexislación vixente, Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, acordouse o seguinte:

- O Centro pretende que as dúas linguas, galego e castelán, estean equiparadas tanto a nivel de prestixio como a nivel de competencia lingüistica ao remate da Educación Primaria.
- A lingua materna predominante entre o alumnado de educación infantil é o castelán.
- A distribución curricular será a seguinte:
    - <u>Educación Infantil:</u> impartirase en castelán todo o ensino nesta etapa introducindo o galego na aula.

- Educación Primaria:

DISTRIBUCIÓN HORARIA (GALEGO/CASTELÁN) NA EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREAS	Cursos e horas					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua Galega e literatura	**4**	**4**	**4**	**4**	**4**	**4**
Lingua Castelá e literatura	4	4	4	4	4	4
Matemáticas (castelán)	5	5	4	4	4	4
Ciencias sociais (galego)	**2**	**3**	**2**	**3**	**2**	**2**
Ciencias da natureza (galego)	**3**	**2**	**3**	**2**	**3**	**2**
Lingua estranxeira (inglés)	2	2	3	3	3	3
Educación Plástica e Visual (inglés)	1	1	1	1	1	1
Educación Física (galego)	**2**	**2**	**2**	**2**	**2**	**2**
Relixión/ Proxecto Competencial (castelán)	1	1	1	1	1	1
Música e danza (castelán)	1	1	1	1	1	1
Educación en valores Cívicos e Éticos (galego)						**1**
TOTAIS	25	25	25	25	25	25
TOTAIS EN GALEGO	**11**	**11**	**11**	**11**	**11**	**11**
TOTAIS EN CASTELÁN	11	11	10	10	10	10
TOTAIS EN INGLÉS	3	3	4	4	4	4

As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia. Impartirase en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a materia de Matemáticas. Cada centro educativo, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, según se recolle na Lei orgánica

2/2006, do 3 de maio, de educación. O noso centro é un centro plurilingüe posto que ademais do castelán e do galego, se imparte nunha lingua extranxeira áreas ou materias non lingüísticas, cun máximo dun tercio do horario lectivo. No noso colexio a materia é Educación Plástica e Visual que se imparte en inglés (Arts). Consideramos que o coñecemento de linguas e culturas distintas da propia é unha fonte de riqueza que debemos fomentar no noso alumnado.

A **presenza da lingua galega** é **plena na documentación administrativa**, nas **actividades impresas** (contos do outono, postais de nadal, revista escolar...), **no rotulado do centro** e en **todas as notas informativas e comunicacións** tanto orais coma escritas, coas familias e institucións.

Noutro ámbito, a **ANPA**, participa activamente promovendo actividades e redactan en todo momento as convocatorias en lingua galega. A lingua empregada nas actividades que xestiona depende dos monitores e monitoras, non existe unha regulación normativa nin instrución desta asociación sobre o uso do idioma.

O Concello, como institución pública e membro da Comunidade Educativa colabora activamente no fomento do idioma ofertando actividades e promovendo o uso do galego.

4- DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

4.1- Obxectivos xerais para o fomento da Lingua galega:

Toda a comunidade educativa teñen algunha responsabilidade no PLC no ámbito escolar. Tendo en conta a lexislación actual o PLC ten como obxecto da programación que o alumnado se desenvolva en galego igualmente que castelán, por iso imos potenciar actividades orais e escritas sensibilizando có uso do galego.

- Contribuir á dinamización lingüística do centro.
- Mellorar as actitudes lingüísticas da comunidade educativa.
- Alcanzar as mesmas competencias do galego en igualdade co castelán na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.
- Dotar ao alumnado de competencia lingüística plena en galego.

- Adquirir a lingua galega.
- Acadar a competencia lingüística do alumnado ao remate da primaria.
- Estender o uso da lingua galega a tódolos axentes educativos.

4.2 - Obxectivos para o fomento da lingua galega no contorno:

- Potenciar os usos orais.
- Reflexionar activamente sobre os prexuizos lingüíticos.
- Favorecer os contextos para expresarse en galego.
- Estender o uso do galego nas actividades escolares e extraescolares.
- Empregar a competencia comunicativa en galego do profesorado.
- Realización das explicacións e comentarios das materias impartidas en galego nesta lingua.
- Fomentar unha boa predisposición nas familias do uso do galego.
- Participar nas distintas actividades propostas por institucións como o Concello ou outras asociaciónd da contorna.

4.3 – Obxectivos encamiñados a potenciar no profesorado unha actitude dinamizadora da lingua galega na súa actividade docente:

- Seguir fomentando o compromiso do profesorado para traballar polo emprego do galego como lingua vehicular do noso centro.
- Acadar para o galego a categoría de lingua habitual de relación en igualdade có castelán.
- Incrementar a presenza do galego no plan lector.
- Elaborar xunto có equipo da Biblioteca suxestións de libros de lectura en galego disponibles para a comunidade educativa.
- Procurar na medida do posible a adquisición de materiais didácticos en galego.

- Reforzar a adquisición de fondos en galego para a Biblioteca.
- Participar en actividades formativas relacionadas coa lingua galega.

4.4 - Obxectivos encamiñados a mellorar as condicións lingüísticas do centro:

- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no Centro.
- Facer un seguimento do grao de consecución dos obxectivos de Dinamización da Lingua Galega. Facer propostas ao Claustro e, se é o caso, levar a cabo as modificacións que procedan.
- Motivar, organizar e facilitar a información precisa para a celebración ao longo do curso escolar de actividades conmemorativas de arraigo tradicional, como a festa do Samaín, Magosto, Entroido e Letras Galegas.
- Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais, coordinándose cos diferentes equipos do centro, en especial co equipo de Biblioteca (PLAMBE como base integradora do traballo).
- Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade. A dimensión oral da lingua é fundamental , procurando o emprego das dúas de xeito que o alumnado reciba abundantes mensaxes e poida adquirir o léxico galego e aprender as estructuras da lingua.
- Seguir promovendo a escritura en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- Creación de actitudes positivas de cara ao prestixio da lingua. Favorecer a modificación das conductas sociolingüísticas dos membros da comunidade educativa, fomentando os usos en lingua galega.

- Utilizar textos en galego e en castelán no Plan lector.
- Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas.
- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas, concursos…
- Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas (coordinado co equipo da Biblioteca do centro).
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galegas (en colaboración co Equipo de Biblioteca do Centro, integrado dentro do PLAMBE).
- Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso (Directamente relacionado co PLAMBE).
- Fomentar o uso das TICs empregando o galego. O traballo en liña permite a utilización rápida e eficaz dunha serie de ferramentas (correctores ortográficos, dicionarios en liña, tradutores…) que posibilitan un uso correcto da lingua por parte do alumnado , ao tempo que reforzan a súa aprendizaxe a través da autoavaliación. Dado que as tecnoloxías da comunicación supoñen unha mellora considerable nas condicións tanto de acceso a información como da creación da mesma, o noso cole apostou pola incorporación de programas Abalar e E-dixgal (5º e 6º EP) . E no resto dos cursos dispoñemos da aula virtual.
- Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da

lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se houbera.

- Manter e promover relacións abertas co concello, asociacións veciñais, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega.
- Potenciar a visión dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións.
- Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- Promocionar as festas tradicionais galegas.
- Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía…
- Actualizar e promover o blogue da Lingua Galega: https://dinamizacionrabadeira.blogspot.com.
- Fomentar a participación na revista escolar SEMENTEIRA (36ª Edición ata o 2023).

4.5- Exención en lingua galega.

Segundo consta no artigo 18 do Decreto 79/2010, o alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en 3º ciclo de educación primaria procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia durante un máximo de dous cursos escolares. O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e coa axuda do profesorado, ao remate da exención, poida ter un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia a matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as da clase.

5- ACTIVIDADES:

- Empregar a lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web, blogs…
- Realización de investigacións sobre historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna.
- Informar ao profesorado en xeral sobre lugares de interese da comarca programando algunha excursión anual.
- Promover pequenos roteiros de sendeirismo por lugares próximos ao centro (ruta a unha fraga próxima ao centro, colaborando co equipo PINTEGA).
- Visitas didácticas pola contorna atendendo ao interese paisaxístico, artístico, etnográfico, cultural e mesmo económico.
- Divulgar entre o profesorado o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e o resto da lexislación.
- Conmemoración do día de Rosalía.
- Continuar impulsando o celebración do Festival das Letras Galegas.
- Editar e difundir a Revista Sementeira en formato dixital con traballos en galego do noso alumnado. Esta revista realízase en formato dixital colgándoa cada curso na web do centro. Algúns exemplares impresos se inclúen na “Mochila viaxeira” para difundila entre as familias (en colaboración co Equipo da Biblioteca do centro).
- Asistencia a concertos didácticos e obras de teatro que promocionen o uso do galego, sobre todo os que teñan lugar no concello de Oleiros e da Coruña.
- Promover os xogos populares usándoos como ferramenta nos tempos de lecer organizados polo o equipo de Patios existente no noso centro. Tamén a través de xogos e actividades lúdicas, fomentar o uso do galego nas actividades informais do

alumnado.

- Promover a visita ao centro de escritores galegos de literatura infantil, de ilustradores, de contacontos sempre en coordinación co equipo da biblioteca do centro (solicitude do PLAMBE neste curso escolar).
- Realización de actividades de contacontos, por parte dos propios nenos, os seus pais ou os avós (en colaboración co Equipo da Biblioteca do centro).
- Ampliación dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para os nenos/as (en colaboración co Equipo da Biblioteca do centro).
- Adquisición de dicionarios bilingües, ortográficos, de sinónimos...e de gramáticas e léxico galego (en colaboración co Equipo da Biblioteca do centro).
- Realización de actividades en galego utilizando distintos programas informáticos.
- Visitas de persoas maiores ao centro para dar a coñecer traballos ou oficios tradicionais (taller de memoria do concello).
- Continuar actualizando a páxina web do colexio e o blogue de dinamización, informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística.
- Recompilación de cantigas, contos, lendas, ditos, refráns, sortes, poemas, vocabulario, fraseoloxía…
- Divulgación da música galega a través da megafonía.
- Dotar de materiais didácticos en galego ás diversas materias educativas que se imparten en lingua galega.
- Concerto didáctico de música tradicional e taller de gaita para o alumnado do 3º ciclo impartido polo Centro Coreográfico Galego.

6- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS:

- **Humanos:**
- Todo o profesorado do centro.

Colaboración con:

- ANPA da Rabadeira.
- Concello de Oleiros, sobre todo coa:
  - Concellería de Cultura e Normalización Lingüística.
  - Concellería de Deportes, Turismo, Promoción Económica e Formación e Emprego.
  - Concellería de Obras Públicas e Medio Ambiente.
  - Concellería de Ensino e Xuventude.
- Dirección Xeral de Política Lingüistica.
- Outros centros educativos da zona e outros equipos da dinamización da lingua galega.
  - **Materiais:**

- Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedias… Biblioteca con espazo TIC, materiais audiovisuais e con Ludoteca. Biblioteca con espazos variados (todo reflictido no PLAMBE)
- Bibliotecas de aula e “Mochilas Viaxeiras” ben dotadas con material audiovisual, revistas e libros variados (PLAMBE).
- Ordenador, proxector ou pizarra dixital interactiva con conexión a internet en todas as aulas de Educación Primaria e Educación Infantil.
- Sala de profesores con ordenadores conectados a internet e impresoras, escáner, fotocopiadoras, plastificadora e encuadernadora.
- Taboleiros de anuncios e zonas diversas de exposicións de traballos.

- Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.

7- LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS:

Na nosa contorna castelán falante o reto é que os nenos acaden unha boa competencia na lingua galega tentando que sexa o máis equilibrada posible coa súa lingua materna. É fundamental que adquiran unha boa competencia na lingua minoritaria tanto a nivel oral coma escrito. A adquisición da lingua galega debe ser inicialmente no plano oral como paso previo antes de iniciar a escrita, aspecto a ter en conta sobre todo na Educación Infantil.

7.1 - Educación Infantil:

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro, na etapa de Educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial dentro dos límites da etapa.

A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará, no momento da matrícula aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado de 4º de Educación Infantil, sobre a lingua materna do seu fillo/a.

No caso deste centro educativo nos últimos anos, o castelán e a lingua predominante como lingua materna. A segunda lingua: o galego, será introducida paulatinamente con actividades tipo como as que se relacionan a continuación:

- **Actividades tipo para a introdución da lingua galega:**

Xogos interactivos

Xogos interactivos nos que se combinan as rimas, os xestos e o pequeno ten que responder ou continuar unha frase para fomentar a comunicación.

Debuxos e fotos:

Ver e comentar debuxos e fotos de obxectos cotiás serve para ampliar o seu vocabulario na lingua galega. Ademais do debuxo, tamén podemos mostrarlle fotos reais ou o mesmo obxecto para que esa asociación entre palabra e obxecto que representa sexa máis potente. Tamén se poden utilizar fotos de familiares para que os pequenos identifiquen e recoñezan os termos en galego.

Contos:

Utilizar contos adaptados ás idades dos nenos. As actividades que se poden desenvolver ao redor dun conto son moi variadas: poden manexalos e lelos eles, escoitar como llos contamos, ou preguntarlle onde está un obxecto concreto nas ilustracións (utilizando en todo momento recursos e materiais da biblioteca). Tamén se realizarán diversos contacontos organizados dende a biblioteca, dende o mesmo equipo de Dinamización ou promovidos polo Concello de Oleiros.

Cancións e retrousos:

Aproveitando o interese que o alumnado ten en escoitar cancións e retrousos sinxelos que teñan un ritmo ben marcado é máis doado que comecen a dicir a sílaba final dunha palabra, facer os xestos que correspondan e repetir partes completas das cancións. Podendo así ampliar pouco a pouco o vocabulario en galego. Uníndoo con isto tamén se irán a diversos concertos organizados dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e propostos polo Concello de Oleiros.

Con todo isto pretendemos contribuír á mellora da competencia lingüística nas

linguas oficiais da comunidade desde a Educación Infantil, fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.

7.2 - Educación Primaria:

Segundo se dispón no decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro garantiremos a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

As linguas nas que se impartirán as diferentes áreas aparecen no apartado 3.2. deste Proxecto no que se reflicte a situación sociolingüistica e aparece a distribución horaria segundo as materias. É importante destacar que segundo as Instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia expón: *"O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüisticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara a adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüistica no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia".*

8- LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS:

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das

materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

9- MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS:

9.1- Medidas de acción educativa:

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos que presenten un déficit lingüistico ou insuficiente dominio das linguas.

9.1.1- Medidas ordinarias

Son comúns a todo o alumnado e afectan a decisións sobre os elementos do currículo´ao plan de acción titorial e de orientación. Consideramos as seguintes:

- Programar a avaliación directa do alumno.

- Pedir información ás familias sobre o desenvolvemento do alumno ou alumna nas linguas.

- Recoller datos de observación.

- Elaborar un informe sobre os datos recollidos e elaboración dun programa educativo individualizado tendo en conta as necesidades do neno ou nena:

. Definición de obxectivos a longo ou medio prazo.

. Desenvolver obxectivos a curto prazo.

. Determinar as actividades e procedementos para a ensinanza.

. Avaliar o progreso

. Levar a cabo as modificacións necesarias no programa.

. Informar sobre o progreso ás familias.

9.1.2- Outras medidas

O titor ou titora fará reforzo educativo na aula para aqueles alumnado que o precisen en canto á adquisición das mesmas.

Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades do/a titor/a, éste recurrirá ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 31 de Outubro de 1996.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte dos profesores que teñan horas dispoñibles como do profesor/a de Pedagoxía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fora preciso. Os pais do alumnado serán informados das medidas que se van a adoptar e dos obxectivos que se pretenden conseguir.

A avaliación do alumnado e do propio proceso de reforzo será continua e formativa tendo sempre un carácter integrador e tamén a posición de partida inicial do alumnado na adquisición da competencia na lingua en cuestión.

Subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso.

Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 70/2010, do 20 de maio, para o plurilngüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais. Por outro lado, dispoñemos da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, segundo a cal os alumnos que descoñezan ambas linguas cooficiais poderán incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir

dos cinco anos.

9.2- Estratexias didácticas

- Actividades de aprendizaxe variadas e con distinto grao de dificultade.

- Materiais didácticos variados.

- Agrupamentos dos alumnos derivados dunha organización flexible do espazo e do tempo combinando o traballo individual, en grupo e gran grupo.

- Na metodoloxía buscaremos: aprendizaxes dinámicos; relación positiva entre profesor/a e alumnado; distribución racional do espazo e tempo; organización de contidos e secuenciación de actividades; aprendizaxe por descubrimento e métodos cooperativos;.

- A avaliación será sistemática, continuada, formativa e individualizada para o que empregaremos procedementos de avaliación inicial, actividades de avaliación diferenciadas, procedementos e instrumentos variados e teremos en conta as condicións do contexto sociolingüístico familiar.

10- AVALIACIÓN:

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, e a LOMCE, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar do centro. Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan transladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As conclusións que se teñan expoñeranse no consello escolar.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servicio de inspección educativa que o avaliará e fará un seguimento. Velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da Lei orgánica de educación.

Anualmente, elaborarase unha addenda do proxecto lingüístico na que conste:

- Os resultados de Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.

D. María Naya, como secretaria do CEIP Plurilingüe da Rabadeira de Oleiros

CERTIFICA

Que este Proxecto Lingüístico de Centro recibíu a conformidade do Claustro de mestres/as e a aprobación da Dirección o ……..